



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “PARQUE INFANTIL, PISTA DEPORTIVA E ÁREA DE DESCANSO EN NAVIA”. EXPTE. 10114/446.

Visto o informe de fiscalización do 15/05/18, dáse conta do informe-proposta de data 3/05/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 3 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de febreiro de 2018, de non admisión neste procedemento a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. por non ter presentado correctamente a declaración responsable incluída no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares; concretamente, ao non ter declarado a clasificación esixida (grupo G “Vias e pistas”, subgrupo 6 “Obras viais sen cualificación específica”, categoría 4”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2018 10:02

Páxina 1 de 3

Expediente 10114/446

CSV: 27E25F-A7AA84-C7C92E-LN15EU-APQ1KE-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Orde	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	89,00
2	PRADO LAMEIRO, S.L.	84,08
3	OBRAS Y SEVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	82,88
4	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	75,40
5	INGENIERÍA Y DISEÑOS TÉCNICOS, S.A.U. (INDITEC MEDIOAMBIENTE)	22,73

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 763,96 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L., o día 18 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 2 de maio de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2018 10:02

Páxina 2 de 3

Expediente 10114/446

CSV: 27E25F-A7AA84-C7C92E-LN15EU-APQ1KE-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 15 de marzo e 10 de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 859.650,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 149.195,45 euros.*
- b) *Propón un incremento do prazo mínimo de garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 4 anos (6 anos en total)*
- c) *Propón un incremento do prazo mínimo de garantía ofertada da obra executada de 6 anos (11 anos en total).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2018 10:02

Páxina 3 de 3

Expediente 10114/446

CSV: 27E25F-A7AA84-C7C92E-LN15EU-APQ1KE-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>